

CRISE, POLÍTICA ECONÓMICA E REESTRUCTURACIÓN EN CUBA

FRANCISCO GARCÍA FERNÁNDEZ¹
Departamento de Desenvolvemento Económico
Facultade de Economía
Universidade da Habana

ANA LAURA DOMÍNGUEZ JARDINES
Departamento de Ciencias Sociais
Instituto Superior de Arte da Habana

Palabras clave: *Crise económica; Modelo económico; Política económica; Reestructuración.*

Key words: *Economic crisis; Economic model; Economic policy; Restructuring.*

Resumo

No artigo analízase a crise da economía cubana, as súas dimensións e perspectivas. Estúdianse as causas principais da crise, así como as medidas de política económica aplicadas a partir de 1991. Tamén se examinan os cambios máis importantes que tiveron lugar no mecanismo de funcionamento da economía e as previsibles transformacións estruturais que deben producirse como vía de saída á crise económica actual.

Abstract

The crisis of Cuban economy as well as its dimensions and perspectives are analysed in this paper. Both the main causes of the crisis and the economic policy applied since 1991 are discussed. The most important changes occurred in Cuban economy and the foreseeable structural transformations which must take place to get out of the current economic crisis are examined.

1. INTRODUCCIÓN

A economía e sociedade cubanas están atravesando un momento moi particular do seu desenvolvemento. Dende 1989 e, en especial, en

1990 comezou unha crise dunha magnitude e consecuencias que non teñen precedentes na etapa posrevolucionaria. A caída do produto, a deterioración continuada dos niveis de vida e a paralización do mecanismo de funcionamento da economía do país levou ó goberno a unha reformulación total da estratexia económica concibida anteriormente.

Precisamente, o tema da reforma económica en Cuba e, en xeral, tódolos cambios que nela se producen atraen a atención e provocan a polémica non só no continente americano, senón tamén moito máis alá dos seus contornos.

¿Sobrevivirá o modelo cubano a pesar da crise e dos cambios que se introducen na súa economía?, ¿serán o suficientemente audaces e fondas as medidas económicas que logren crear os incentivos necesarios para dinamizar a economía facéndoa competitiva internacionalmente? Estas son algunhas das inquietudes que ronlan por diferentes lugares do mundo, para as cales non existen respostas definitivas e sinxelas.

En primeiro lugar, expóñense algúns indicadores da crise, para pasar despois a intentar fundamentar, dende a perspectiva dos autores, as causas da actual situación e logo ofrécese unha valoración da política económica do período de crise. A parte seguinte dedícase a analizar algúns

cambios actuais e previsibles do mecanismo de funcionamento da economía cubana. O último punto está dedicado a fundamenta-la reestructuración perspectiva da economía do país².

2. DIMENSIÓNS DA CRISE ACTUAL

Dado o carácter aberto da economía cubana, un indicador comunmente utilizado para reflecti-la dimensión actual da crise é a perda da capacidade de importación. En 1989, as importacións ascendían a 8.200 millóns de dólares e, en 1992, estas reducíronse a 2.100 millóns. O país perdeu en a penas 3 anos máis do 70% dos recursos de importación³. A contracción do Producto Interior Bruto non se detén entre 1989 e 1993, estimándose unha redución do 50%⁴. A renda nacional per cápita cae en 1990 e 1991 un 5 e un 15%, respectivamente, continuando nos anos posteriores e deteriorando substancialmente os niveis de vida da poboación⁵.

Non obstante, para comprende-la crise actual é importante coñecer que aínda que en 1990 se inicia a abrupta caída, xa dende 1985 se apreciaron síntomas dun preocupante estancamento. O índice acumulado de crecemento medio anual entre ese ano e 1989 foi do 0,2%⁶. Ó parecer existe unha estreita relación entre a situación recente e esas manifestacións de estancamento.

A crise significou a paralización da economía nunha dimensión aínda incalculable. A industria foi o sector máis prexudicado; actualmente, calcúlase que a ocupación da capacidade instalada non é superior ó 12%, debido fundamentalmente á carencia de materias primas e combustibles⁷. Tamén o transporte e moi especialmente a agricultura foron severamente danados pola crise. Neste último sector existía un alto grao de mecanización polo que os problemas de desabastecemento de combustible lle afectaron considerablemente.

A redución absoluta do produto, e o shock de oferta de bens de consumo que provocou, repercutiu directamente sobre os niveis de vida da poboación. Cara a finais dos 80 existían dous mercados de bens de consumo oficialmente recoñecidos. Un, o mercado normado, onde os prezos como tendencia non varían e son considerablemente baixos, pois eran subsidiados polo Estado e a través do cal historicamente se lle dis-

tribuíu á poboación a meirande parte dos bens indispensables. O outro mercado, denominado paralelo, distribuía libremente case as mesmas mercadorías, pero a prezos que reflectían en certo grao a oferta e a demanda. Este mercado satisfacía as necesidades nalgunhas das mercadorías que o primeiro non ofertaba e a maior demanda das capas con medianos e altos ingresos.

Co empeoramento da situación económica, o segundo mercado desaparece, pois o Estado esforzase en satisfacer as necesidades básicas do consumo de forma igualitaria, concentrando os limitados bens de consumo no mercado normado. Non obstante, coa crise agrávase o déficit de oferta de produtos, escaseando moitos ou incluso desaparecendo do mercado subsidiado.

Este fenómeno levou a un incremento espectacular do chamado mercado negro. Este ten a súa fonte no sector estatal e no turismo, de onde proveñen a meirande parte dos bens que circulan nel. Os prezos medran a unha velocidade vertixinosa pois son moi sensibles á limitada oferta de bens e á demanda crecente e insatisfeita.

A crecente demanda no mercado negro é reflexo dun desequilibrio macroeconómico de grande impacto; a liquidez acumulada para o ano 1993 calculábase aproximadamente nuns 10.000 millóns de pesos, medrando en comparación con 1986 nun 26%⁸. O shock de oferta de bens de consumo é a causa inmediata do desbalance financeiro.

O exceso de liquidez acumulada non é un fenómeno novo na economía cubana aínda que, pola súa magnitude, non existen precedentes nos 36 anos do período revolucionario. Investigacións realizadas a finais da década pasada constataron a existencia na etapa 1981-1986 de presións inflacionarias xeradas por un crecente exceso de liquidez acumulada, fenómeno á súa vez semellante ó do período 1965-1970. Desproporcións estruturais, a errática evolución da eficiencia e, sobre todo, a non correspondencia entre o crecemento da produtividade do traballo e o salario medio son os determinantes máis fondos que provocaron os fenómenos de finais dos 80⁹.

Ata mediados de 1994, co agravamento da situación económica, desvalorizouse constantemente e de forma acelerada a capacidade de compra do peso cubano. Este fenómeno incentivou a posesión do dólar —recoñeceuuse oficialmente a

súa posesión e circulación dende mediados de 1993—, pois é evidente que, nestas condicións, é unha das formas máis seguras de evita-la desvalorización da capacidade de compra do peso, así como de acceder a determinados bens que só se adquiren con divisas.

Malia o afondamento e prolongación da crise e debido á política aplicada, o desemprego non aumentou abertamente. En 1989, segundo cifras oficiais, existía un 6% de desemprego. Non hai información estatística posterior, pero o goberno mantén un subsidio temporal do 60% do salario a aqueles ós que lles pechen as fábricas ou centros de traballo.

É importante sinalar que coa crise o investimento público na infraestrutura social detívose no fundamental —non existen datos oficiais publicados— o que obrigou a este importante sector da economía a funcionar coas amplas capacidades desenvolvidas en anos anteriores e a adoptar paseniñamente outras formas de funcionamento.

A magnitude do déficit fiscal é alarmante; para 1992 calculábase en 4.869 millóns de pesos, representando o 32,7% do PIB¹⁰. Sen embargo, para finais de 1994, como consecuencia de medidas de redución do gasto público e elevación de prezos, o déficit presupostario estimouse en 1.400 millóns de pesos, que representou un 72% de decrecemento en relación co ano 1993¹¹.

¿Cales son os factores que motivaron este desenvolvemento recente da economía cubana? Inicialmente, un esvaramento irregular descendente (1985-1989) e, posteriormente, unha fonda recesión a partir de 1990.

3. FACTORES DETERMINANTES DA CRISE ACTUAL

Son variados e sumamente complexos os factores causantes da situación presente. Para xeneraliza-lo modelo, intentouse concentrar —e sintetizar— a análise en dous factores. Un deles de carácter máis global, que puidera desdobrarse noutros máis sinxelos, e outro factor de natureza máis específica.

■ *FACTOR XERAL*: Esgotamento do modelo de desenvolvemento establecido e ausencia dun modelo alternativo eficiente que inserira de

forma dinámica a economía cubana na economía mundial.

A aplicación e funcionamento deste modelo (1975-1986) trasladou á sociedade cubana deformacións anteriormente ausentes e acentuou outras. A partir de 1986 comeza o desmantelamento do modelo anterior e o debate e instauración dun novo modelo de desenvolvemento.

Durante ese período, o produto chegou a unha taxa aceptable do 5,3% medio anual, sendo considerablemente maior na etapa 1981-1985, pois ascendeu a 7,2%¹². Malia que cuantitativamente foi un quinquenio exitoso, a calidade do crecemento preocupou á sociedade e ó goberno cubanos. A suma dos investimentos industriais medrou ata un 12% anual, non xerando o excedente esperado que permitira o autofinanciamento do desenvolvemento económico do país, o que se reflectiu nun déficit sistemático do presuposto do Estado e da balanza de pagamentos, nun atraso da industrialización e nunha deterioración dos mecanismos de regulación tanto no ámbito macroeconómico coma dos seus elos productivos.

Diversas foron as críticas realizadas —a partir de 1986— que tomaron corpo no que se chamou “Proceso de rectificación de erros e tendencias negativas”, que tiña como obxectivo final a construción dun modelo de desenvolvemento propio, eficiente e cun parque industrial diversificado. Sen embargo, a crise de 1990 interrompeu a maioría dos plans concibidos para a súa implantación.

Dous trazos importantes daquel modelo —non són os únicos—, que presentan unha transcendencia que non se pode obviar, son os seguintes:

1) O modelo transplantado enraizábase no desenvolvemento extensivo. Nun período no que o típico no panorama mundial tanto nos países desenvolvidos coma nos de recente industrialización era o tránsito a un desenvolvemento intensivo, no noso caso prodúcese o contrario. A economía cubana dótese dunha alta densidade enerxética, material e de traballo. Segundo cálculos do economista cubano Miguel Figueras, a finais da década dos 80 a nosa densidade enerxética era o dobre da de Xapón ou Francia e un 50% maior cá dos Estados Unidos¹³.

Malia que o sistema asimilado facía énfase

nos indicadores de rendibilidade, ganancia, custos, etc., é dicir, indicadores dunha economía mercantil, a economía funcionou sistematicamente con moi baixos índices de eficiencia. O Instituto Nacional de Investigacións Económicas calculou que entre 1980 e 1985 o rendemento dos fondos básicos reduciuse nun 11%.

2) O modelo foi incapaz de supera-la inserción non dinámica da economía cubana na economía mundial. Cuantiosos foron os investimentos realizados no sector industrial no período que media entre 1960 e a fin da década pasada, destinando ó sector productivo o 80% do total dos investimentos¹⁴. Ramas como a electrónica, maquinaria non eléctrica, industria pesqueira, aceiros e téxtiles medraron a unha taxa media entre o 6 e o 10% anuais¹⁵. O esforzo por descentraliza-la industria da cidade da Habana cara a outras rexións foi moi importante, así como a maior integración agroindustrial alcanzada a partir da produción azucreira.

Sen embargo, os cambios estruturais foron insuficientes para modifica-lo perfil agromineiro exportador da economía. A pesar da perda relativa do peso da industria azucreira no sector industrial e externo do país e do incremento da importancia doutras ramas nas exportacións, aínda en 1986 o modelo de inserción non se transformara significativamente. Por exemplo, nese ano os produtos desa industria representaban máis das tres cuartas partes das exportacións totais¹⁶.

Por conseguinte, a reestructuración da economía funcionou fundamentalmente como substitución de importacións e non contribuíu significativamente á transformación do modelo de inserción. Neste sentido, hai que ter en conta o mercado no que estaba inserta a economía cubana e cales eran as súas esixencias de materias primas e produtos agrícolas.

■ *FACTOR ESPECÍFICO:* A desaparición das relacións económicas que Cuba sostiña coa antiga URSS e demais países da Europa do Leste. O comercio con ese grupo de países representaba aproximadamente o 85% do intercambio externo total, e incluso algúns anos superábase esa magnitude. En 1988, Cuba vendíalle só á URSS o 77% das súas exportacións azucreiras, o 65% do níquel e o 42% dos cítricos e importaba desta o 90% do combustible, o 79% das materias primas,

entre o 60 e o 66% de maquinaria, manufacturas e alimentos e o 45% dos equipos de transporte e produtos químicos¹⁷. Os vínculos económicos coa URSS, como manifestan os datos anteriores, abranguen tódalos ámbitos da economía, tendencia que se vai reforzando ó longo dos tres decenios posrevolucionarios, pero que se incrementa a partir de 1982. Dende principios dos anos 80 empeoran as condicións de pagamento da débeda externa cubana, obrigando a prescindir da meirande parte do comercio cos países occidentais e afondando aínda máis a integración da economía no mercado socialista.

Ademais, esas relacións establecéronse a prezos convidos, que diverxían considerablemente do índice de prezos existente no mercado mundial. Isto permitiu, no caso particular das relacións coa URSS, manter un volume de importacións considerablemente alto, de aproximadamente 5.000 millóns de dólares anuais, e financiar permanentemente o déficit comercial con créditos outorgados por ese país. Por exemplo, os créditos comerciais e para o desenvolvemento alcanzaron entre 1959 e 1989 unha contía de 13.839 e 6.611 millóns de pesos, respectivamente. Estes créditos caracterizáronse por taxas de xuros baixas —entre un 2 e un 4%—, períodos de amortización entre 12 e 25 anos e pagamento aprazado do 100% do seu importe¹⁸.

Estas condicións permiten facilmente imaxina-la magnitude do shock que sofre a economía cubana cando dende 1989 e 1990 desaparece abruptamente este mercado e debe reaxustarse ás novas condicións reorientando completamente e, en moi breve prazo, o seu comercio exterior.

É neste marco no que se pode valora-lo impacto económico do bloqueo dos Estados Unidos contra Cuba. Anque ata 1989 os seus efectos puideron ser relativamente compensados ampliando as nosas relacións co mercado socialista, dende ese ano o seu efecto é devastador. O reforzamento do bloqueo económico é un factor nada desprezable, tanto polo custo de oportunidade que supón non ter ningún acceso a ese veciño e xigantesco mercado como pola importancia potencial que supón para Cuba ter en conta este mercado na rearticulación das súas relacións económicas internacionais. Por outra parte, o bloqueo representa tamén un custo de oportunidade moi gravoso para

as empresas norteamericanas, que están privadas de aproveitar as vantaxes e beneficios potenciais que pode brindar un mercado coma o cubano.

Desta forma, a primeira etapa ou período de precrise (1986-1989), na que ten lugar un esvaramento descendente irregular, convértese nunha abrupta caída —segunda etapa—, precisamente cando a partir de 1990 se interrompen esas relacións económicas e comezan a actuar os prezos e as relacións do mercado mundial.

Daquela, son dous os factores actuantes. O modelo económico establecido, que trasladou erros e desproporcións estruturais, ineficiencia e consolidou a inserción non dinámica na economía internacional. Aínda que o seu funcionamento brindou taxas de crecemento do produto aceptables, desenvolvemento de novas ramas, considerable integración agroindustrial, amplo desenvolvemento da esfera social, etc., para mediados dos 80 esgótanse as súas posibilidades, pois révelanse con máis forza os seus aspectos negativos e o seu freo ó desenvolvemento.

Precisamente en 1986 se intenta introducir un modelo económico alternativo que promove accións dirixidas a superar eses erros, tanto dende o punto de vista da regulación como as de carácter estrutural. Sen embargo, os fenómenos de finais de 1989 e 1990 motivaron a crise de inserción que, unido ós problemas do modelo económico, conduciu á situación de crise actual.

4. NATUREZA E CONTIDO DA POLÍTICA ECONÓMICA

A necesidade de tomar medidas que reactiven a oferta nacional tropezo cunha limitación básica: a ausencia de aforro externo que financie o déficit de materias primas e de bens de consumo que antes se importaban, así como a escaseza de aforro interno para cubrir o gasto público expansivo. Isto levou a cambios na política económica do goberno cubano tanto para a busca de fontes externas de financiamento —apertura ó capital estranxeiro, flexibilización do comercio exterior— como para atopar aquelas fontes internas non utilizadas, que estimulen a oferta nacional de bens de consumo.

Polo tipo de medidas aplicadas na crise, pódense distinguir claramente dúas etapas: dende

1990 ata o primeiro semestre de 1994 e a partir desa data ata a actualidade.

Debido á significación do cambio que se require para supera-la crise actual, e debido, ó parecer, ó seu carácter estrutural, as medidas de política dirixidas á reforma estrutural tiveron ata xullo de 1994 unha prioridade moi significativa, relegando a un segundo plano aquelas de curto prazo e necesarias para a estabilización macroeconómica.

O goberno cubano presentou sistematicamente o rexeitamento a políticas de corte neoliberal, que en busca do equilibrio nos mercados desaxustados polo proceso inflacionario, liberan os prezos, eliminan os subsidios e aumentan abertamente o desemprego, contraendo aínda máis a demanda agregada interna, afectándolles un dos principios básicos da revolución: a equidade social. Polo tanto, foi ó parecer a alta sensibilidade política dese tipo de medidas o que retardou a súa introducción.

A cuestión determinante da política económica foi, daquela, esa: manter por riba de todo a equidade social. Ó longo de tres décadas a capacidade de consumo e o nivel de vida da poboación cubana aumentaron significativamente cunha equidade elevada, debido ó interese prestado e ó esforzo que o Estado realizou no desenvolvemento dunha xigantesca infraestrutura social. O novo do momento é que se intenta, sen renunciar ó factor da equidade, alcanzar índices elevados de eficiencia económica.

Na práctica, o goberno recoñeceu o deterioramento sufrido pola equidade, a pesar de que un dos propósitos declarados é repartir equitativamente o custo da crise. O problema consiste en que algunhas das medidas aplicadas —as dirixidas á reforma estrutural— foron acompañadas inevitablemente dun alto e sensible custo de equidade.

Unha das medidas de máis significación é a nova forma de utilización e explotación da terra, propiedade do Estado. Esta medida, destinada a supera-lo shock de oferta de bens alimentarios, consiste na formación de empresas cooperativas xuridicamente independentes, nas terras que son propiedade das empresas agrícolas estatais, que deron en usufructo as súas terras para que sexan explotadas por grupos de traballadores. Estas novas formas de produción abranguen unha parte

considerable da terra propiedade do Estado e a súa concepción parte do suposto de que nestas novas condicións o produtor estará estimulado para permanecer no campo (en condicións de gran escaseza de forza de traballo) e para incrementa-la produtividade do traballo debido ás seguintes consideracións: primeiro, estas empresas deben garanti-la escaseza alimentaria dos membros da cooperativa e a súa familia e, segundo, pola perspectiva das utilidades que poidan obterse.

Dende o terceiro trimestre de 1993, aprobouse e legalizouse o funcionamento do pequeno negocio para determinadas actividades económicas. Polo seu impacto sobre a oferta nacional esta medida pode resultar de menos consideración se a comparamos coa anterior, e isto é debido ó tipo de actividades e á calidade do traballo que se permite ofrecer neste sector. Non obstante, esta forma de emprego, denominado traballo por conta propia, debe cubrir unha parte significativa da oferta de servicios, desempeñando un importante papel na xeración de emprego.

A política de apertura e estímulo ó capital estranxeiro é unha medida transcendental, o seu impacto supera o curto e mediano prazo, pois os seus efectos están asociados á reestructuración da economía cubana. Na actualidade é a máis importante fonte de aforro externo.

A apertura abrangue case tódalas ramas da economía nacional. Iniciándose no turismo o investimento estranxeiro, hoxe ten lugar na industria de prospección e exploración de petróleo, na agricultura, na industria téxtil, do níquel, metal-metálicas, na comercialización dos produtos biotecnolóxicos e farmacéuticos, etc. O investimento do capital foráneo realízase en forma de empresas mixtas, produción cooperada e contas de participación conxunta, cunha participación maioritaria de capital cubano. Sen embargo, recentes asociacións demostraron unha flexibilidade suficiente para aumentar significativamente a parte do socio estranxeiro.

Legalmente, o investimento estranxeiro está permitido dende 1982, pero é a partir de 1988 cando realmente se comeza a incentivar. O estímulo ó investimento foráneo ten lugar fundamentalmente mediante a liberalización das obrigas fiscais sobre os ingresos brutos, os ingresos persoais e a transmisión de inmobles e establece-

mentos mercantís. Permítese a repatriación do 100% de utilidades da parte estranxeira, un imposto máximo do 30% sobre o ingreso neto anual e impostos do 25% sobre os ingresos dos traballadores cubanos¹⁹.

A penetración do capital estranxeiro aumentou anualmente, a pesar das fortes presións que o goberno norteamericano exerce sobre os empresarios que insisten en investir²⁰. Sen embargo, o que predomina en canto á contía do capital é o pequeno e mediano e algúns dun tamaño medio-superior.

A finais de 1993, a deterioración da situación económica do país chegou ós seus índices máis extremos: unha crecente escaseza de oferta de todo tipo de produtos no mercado estatal, galopante inflación no mercado negro, de gran peso na cesta básica, e a conseguinte desvalorización da capacidade de compra do peso que se reflectiu no valor máximo de cotización do dólar no mercado negro ata ese momento e, sobre todo, unha grande incerteza con relación ó próximo 1994. Nestas condicións púxose de manifesto unha falta de correspondencia entre a política de carácter estrutural aplicada ata ese momento, cuns resultados que só serán visibles nun mediano ou preferentemente longo prazo, e a urxencia estabilizadora do momento que de non promoverse atentaría seriamente contra os resultados da reestructuración da economía. Desta maneira comeza a producirse un cambio na estratexia económica utilizada ata ese momento. Recoñécese por primeira vez a importancia capital da estabilización macroeconómica, como requisito esencial para inicia-la recuperación económica do país. Así se introducen unha serie de medidas de parcial liberalización da economía e de estabilización macroeconómica que perseguen, en última instancia, recupera-la función do salario como incentivo básico do traballo. As medidas de carácter monetario-financeiro, dirixidas contra o exceso de liquidez e o déficit presupostario, foron: elevación dos prezos de bebidas alcohólicas, tabaco, electricidade, combustible, transporte, correo, eliminación de gratuidades en actividades culturais e deportivas.

Con anterioridade, o sistema impositivo foi escasamente utilizado como instrumento da regulación. Na actualidade, o avultado déficit presupostario e a necesidade da estabilización ma-

croeconómica obrigaron a incrementa-los ingresos por esta vía, o que presupón a elaboración e aplicación dunha importante reforma tributaria. O novo sistema tributario, que comezou a funcionar a principios deste ano, está formado por 11 impostos, 3 taxas e unha contribución tributaria. Por outra parte, a urxencia de incrementa-la eficiencia para poder axusta-lo desequilibrio do presuposto levou a unha reconsideración do papel do subsidio. Entre 1991 e 1993, o 54% do déficit foron subsidios á agricultura e á industria azucreira, constituíndo unha partida de gastos de moitísimo peso no orzamento. Preténdese reducir estes nun 40% en 1995 e eliminalos completamente para o seguinte ano²¹.

Por último, no segundo semestre de 1994 reinaugúrase o mercado libre de produtos agropecuarios —funcionou dende 1985 ata 1986, sendo daquela clausurado— no que os propietarios privados e as empresas cooperativas e as estatais poden vender a prezos libremente fixados polo mercado sempre e cando cumpran os seus compromisos de produción co Estado.

A política económica aplicada é recente, incluso algunhas das medidas datan do último semestre de 1994, polo que é difícil avalialas. Non obstante, producíronse cambios significativos no funcionamento da economía, que é o que pretendemos expoñer na seguinte sección.

5. CAMBIOS ACTUAIS E FUTUROS NO MECANISMO DE FUNCIONAMENTO DA ECONOMÍA

A crise actual significou tamén a crise do mecanismo de funcionamento da economía cubana, de tal forma que as medidas económicas foron contribuindo a crear un sistema de vínculos e relacións económicas diferentes ás que existían antes de 1990, tanto no ámbito macro como microeconómico. A ausencia dunha concepción acabada dun modelo económico alternativo fai prematura unha análise deste tipo. Non obstante, é posible a partir dos cambios actuais extraer algúns compoñentes do mecanismo de funcionamento actual e de post-crise.

Dende o punto de vista microeconómico, un fenómeno novo é o papel determinante que desempeñarán os axentes económicos de propiedade non estatal, os joint-venture de capital estranxeiro

e cubano, as cooperativas, así como a pequena empresa de propiedade familiar.

As empresas mixtas ou outro tipo de asociación con capital estranxeiro basean a súa actividade económica no incentivo do beneficio e a súa xestión é xeralmente eficiente. Ademais, a proliferación destas empresas —a principio de 1994 ascendían a 112²²— introduce un elemento novo na economía cubana, a competencia. Sen embargo, o marco na que esta se desenvolve é aínda moi limitado, constituíndo unha parcela segregada da economía estatal onde converxen tódalas asociacións económicas con capital estranxeiro e algunhas empresas e institucións estatais que reciben ingresos en divisas. En moitos casos é un mercado monopsonico, onde o comprador é o Estado. A proliferación das empresas mixtas debe eliminar paulatinamente ese carácter do mercado, pois estas actúan como vendedoras e compradoras.

Dependendo do sector onde teña lugar a asociación económica a parte estranxeira fornece o financiamento, a tecnoloxía, o management e os mercados. No turismo asináronse recentemente contratos importantes por parte dunha empresa estatal cubana, propietaria ó cento por cento dos seus hotéis con grupos españois, canadenses, holandeses e alemáns —Sol Meliá, Guitar Hotels, LTI-LTU, Delta, Golden Tulip e outros— para administrar e comercializa-lo produto turístico, buscando así eficiencia económica e tecnoloxía avanzada nestes sectores. Nestes casos, a parte estranxeira recibe unha porcentaxe do ingreso bruto e as ganancias que se acorden conforme a parámetros internacionais. Nesta mesma esfera, o capital estranxeiro proporcionou financiamento para o desenvolvemento de instalacións e zonas turísticas (Cayería Norte de Camagüey e zona sur da Isla de la Juventud) que non lle é posible acometer á industria cubana do sector.

Na industria farmacéutica-biotecnolóxica, a asociación con capital estranxeiro ocorreu fundamentalmente pola vía da comercialización e a promoción dos produtos desa rama. Noutros sectores productivos o capital estranxeiro fornece financiamento, inputs e mercados. Un exemplo son as empresas do cítrico e o tabaco, que lograron índices importantes de reactivación a partir da posibilidade que eses convenios proporcionaron en canto á adquisición de produtos químicos

para o tratamento fitosanitario das plantacións —fertilizantes, pesticidas—, tecnoloxía de agro-tecnia e materia prima para os envases²³. Na industria do níquel, téxtil e outras, tamén algunhas empresas lograron asociacións que proporcionan capital, tecnoloxía e mercado preferentemente.

En definitiva, as diversas formas de asociacións económicas estableceron un sistema de funcionamento no ámbito da empresa completamente novo onde case todo o financiamento é estranxeiro, así como a tecnoloxía e os mercados, adaptando desta forma a empresa cubana ós requirimentos dos cambios contemporáneos. O abastecemento dos inputs depende do sector onde se produza a asociación, aínda que a tendencia ata agora foi pola vía da importación. Sen embargo, a recuperación nalgúns ramos debe levar a que empresas cubanas (estatais ou cooperativas) se insiran nun sistema de contratación para abastecer de inputs ó sector mixto nunha sorte de efecto multiplicador. Deben aínda ocorrer transformacións importantes nese conxunto de empresas para que se logre unha alta cobertura de inputs nacionais, que contribúan a mellora-lo saldo da balanza comercial.

Ó parecer, o común a tódalas asociacións económicas é a busca de mercados debido á necesidade de recompoñer-lo comercio exterior cubano a raíz da desaparición da meirande parte do comercio coa antiga URSS e os países de Europa Oriental e ó carácter cada vez máis inestable e espontáneo dos vínculos coas repúblicas ex-soviéticas. Desta forma, este sector da economía atópase orientado fundamentalmente cara ó mercado externo, polo que estas industrias están sendo reinsertadas na circulación mundial de mercadorías, capital e tecnoloxías por empresas estranxeiras que, dalgunha forma, recoñeceron o atractivo e os beneficios que os investimentos na economía cubana poden brindar.

Neste sentido, a reforma do comercio exterior é un dos cambios importantes do mecanismo de funcionamento que se ensambla dentro da engraxe do sistema económico actual. O coñecido monopolio do comercio exterior transformouse radicalmente —algúns din que foi abolido—, pois na actualidade preto dunhas 250 entidades, xa sexan mixtas, estatais, etc., teñen vínculos económicos directos co exterior. Isto forma parte do

intento de facer máis flexible o sistema económico, así como de integrar todo o proceso productivo dende a investigación ata a comercialización.

Desta forma estas institucións están preferentemente introducidas no mercado externo, pero pouco no interno. Utilizan os beneficios que ofrece o mercado cubano, sobre todo o baixo custo dunha forza de traballo instruída e apta para adestrarse en faenas complexas, facilidades para os investimentos, etc.

Un axente económico novo son as Unidades Básicas de Producción Cooperativa (UBPC), que representan un cambio moi importante na xestión empresarial agropecuaria. As UBPC conviñan un plan de produción coa empresa estatal que deu en usufructo a terra, establecendo as cotas de entregas de produción de determinado produto, os límites das áreas de terras dedicadas ó plan estatal e ó abastecemento dos membros das cooperativas. Isto significa que con esta medida as empresas estatais, aínda que seguen sendo os propietarios da terra, deixarán de ser directamente os principais produtores dalgúns bens da agricultura cubana, tendo lugar un proceso de desconcentración non xa da propiedade, senón da utilización da terra. Formáronse preferentemente varias UBPC nas grandes empresas estatais existentes, segundo o esixen as condicións técnico-económicas da produción. As UBPC, a diferenza das granxas estatais, establecen un vínculo directo entre os ingresos do produtor e o resultado do seu traballo. Os cooperativistas, por conseguinte, estarán motivados para reduci-los seus gastos e para incrementar-la produción, o que debe contribuír ó aumento da produtividade e da eficiencia económica.

Unha parte importante das empresas públicas —fundamentalmente aquelas que non lograron algunha asociación con capital estranxeiro— están paralizadas e, en gran medida, a súa reactivación depende da capacidade de xestión dun socio estranxeiro que poida proporcionar financiamento, tecnoloxía e mercados. Non obstante, os ingresos por exportación que xeran outras fontes poden poñer en movemento a algunhas destas empresas, sobre todo a aquelas que resultan claves polo seu efecto multiplicador sobre o resto da economía.

Dende o punto de vista macroeconómico, coa situación de crise renunciouse a un plan estatal centralizado. Non obstante, é importante recoñe-

cer que a planificación centralizada, como instrumento fundamental da regulación económica, debe sufrir considerables transformacións a partir das súas propias debilidades, pouca flexibilidade, insuficiente integralidade, excesiva centralización e pouca participación dos traballadores na elaboración dos plans, etc., así como polas esixencias das novas condicións da economía (empresas cooperativas, mixtas, privadas, etc.).

A empresa estatal debe seguir tendo un papel importante, pero a diferente situación vai esixir un cambio radical no seu funcionamento, no referido á introducción de mecanismos que estimulen o incremento da produtividade e da eficiencia económica.

A situación de escaseza de divisas así como o déficit do presuposto condicionaron un cambio no funcionamento da infraestrutura social. Tanto o deporte e como a saúde pública e tamén a educación foron buscando formas (por exemplo, a oferta de variados servizos deportivos, educativos, médicos, etc.) para autofinanciar a parte máis importante dos seus gastos en divisas. Isto permitiu que, malia a grave situación económica, este importante sector continuara o seu funcionamento, aínda que non se pode deixar de recoñecer que el mesmo sufriu os efectos da crise.

As modificacións na política económica e a transformación no mecanismo de funcionamento da economía deben ir producindo, no mediano e longo prazo, cambios estruturais de gran significación tanto na estrutura técnico-productiva como na súa inserción internacional.

6. A REESTRUCTURACIÓN PRE-VISIBLE DA ECONOMÍA CUBANA

A reestruturación da economía cubana está baseada no papel determinante que deben asumir unha serie de ramas punteiras, como son a industria biotecnolóxica e farmacéutica, de equipos médicos e o turismo na estrutura productiva do país. A reestruturación actual aproveita a alta cualificación da man de obra e a existencia dunha contorna ambiental e de recursos naturais característicos para promover o desenvolvemento desas ramas líderes da actual revolución tecnolóxica. Estas deben transformarse nun “núcleo endóxeno de dinamización tecnolóxica”, capaz de exercer un importante efecto multiplicador sobre as de-

mais ramas da economía e proxectarse integralmente sobre a súa inserción na economía internacional.

A partir de 1986 dáse prioridade a varios programas de desenvolvemento para estas ramas, os cales, a pesar da crise, non se interrompen e, incluso, algúns acélanse captando unha parte importante do gasto público, que é a expresión do recoñecemento xeral do papel que deben asumir a biotecnoloxía, a industria de equipos médicos, farmacéuticos e o turismo no desenvolvemento futuro do país.

O motivo estrutural da crise actual será superado só cando estas ramas e outras que deben incorporarse a ese “núcleo” se convertan no polo dinámico da economía, no sentido de que o seu peso na estrutura técnica-productiva e na xeración dos ingresos por exportación sexa determinante ata o punto de que os seus ritmos e escalas determinen o movemento total da economía. Estas circunstancias irán demostrando que a vella estrutura foi cedendo lugar a outra nova, onde predominan as ramas favorecidas e se substitúen os antigos vínculos interrramais, as dependencias tecnolóxicas e a división do traballo dominantes, por outras que responden ó cambio da nova estrutura económica en formación.

7. CONCLUSIÓNS

1) A economía cubana está atravesando a peor crise da súa historia posrevolucionaria que, á súa vez, representa o tránsito cara a un modelo de desenvolvemento cuns límites que non están completamente definidos. Sen embargo, Cuba, e o modelo que quede conformado, será diferente substancialmente ó que existiu antes de 1990, o que está determinado tanto polas novas condicións externas —a nova economía mundial— como polas condicións internas —esgotamento do modelo anterior—.

2) Debido ó elevado coeficiente de apertura externa e ó particular modelo de inserción —agroexportador—, a economía cubana é extremadamente sensible ós cambios nas relacións económicas internacionais. Sen embargo, para comprender toda a dimensión da crise actual é necesario un enfoque integral, tanto das causas externas coma das internas. A desaparición da URSS provocou un efecto demoledor sobre toda

a economía actuando como factor desencadeante da recesión; á súa vez, os factores internos foron decisivos na evolución ulterior da crise económica.

3) Durante os primeiros anos da crise, o goberno favoreceu fundamentalmente políticas de carácter estrutural. Sen embargo, dende o segundo semestre de 1994 prodúcese un cambio nas prioridades da estratexia económica, pois recoñécese a importancia decisiva da estabilización macroeconómica para inicia-la recuperación económica.

4) A proliferación das asociacións con capital estranxeiro e as cooperativas (UBPC) modifican substancialmente o mecanismo de funcionamento da economía e agréganse como novos axentes económicos. Fundamentalmente, a empresa mixta e as UBPC debense converter nos axentes dinamizadores e propulsores do incremento da produtividade e da eficiencia económica.

5) Fomentando obxectivos de longo prazo, o goberno concentrou os seus recursos de investimento en ramas de alto contido científico —biotecnoloxía, industria de equipos médicos, etc.— co propósito de transformalas no sector de arrastre, desprazando á industria azucreira. Estas ramas caracterízanse por unha elevada eficiencia económica. Sen embargo, na actualidade, o seu peso aínda é escaso e o seu desenvolvemento futuro depende da súa capacidade para penetraren en mercados oligopolizados e de altos requirimentos técnicos.

6) O éxito da política económica dependerá, fundamentalmente, da capacidade desta para crea-los incentivos necesarios para o incremento da produtividade do traballo no ámbito social, devolvéndolle ó salario o seu papel estimulador básico do traballo.

7) Ó parecer, a economía reaccionou de contado ás medidas de estabilización: reduciuse o exceso de liquidez monetaria, o avultadísimo déficit presupostario diminuíu, os prezos no mercado negro caeron e o peso revalorizouse ata os valores de 1992. Segundo o Ministro de Finanzas, dende o segundo semestre de 1994, a economía detivo a súa caída, o cal é expresión do crecemento que se produciu nalgúns sectores —aqueles vinculados a empresas estranxeiras como o turismo e o níquel—, mentres que os sectores como a industria azucreira se atopan aínda deprimidos.

O anterior demostra a alta sensibilidade da economía no curto prazo a medidas deste tipo e, sobre todo, a perspectiva de que, despois de 6 anos de fonda crise, a economía cubana logre por fin recupera-la senda do crecemento económico.

NOTAS

1. Os autores desexan agradecer a axuda e os valiosos comentarios realizados polo profesor Oscar Chasganes Izquierdo. Obviamente, o contido do traballo é responsabilidade dos autores.
2. É imprescindible aclararlle ó lector a ausencia de cifras oficiais a partir de 1990. O último anuario estatístico apareceu en 1989, os datos de anos posteriores son moi incompletos e proceden de publicacións nacionais ou estranxeiras e de entrevistas e declaracións de funcionarios.
3. Lage, C. (1993): Intervención en el IV Foro de São Paulo, p. 10. [Folleto]. A Habana.
4. Rodríguez, J.L. (1994): Entrevista ó xornal *Gramma*, (22/11/94), p. 8. A Habana.
5. Brundenius, C. (1992): “¿Es aún viable el modelo cubano de desarrollo?”, *Cuadernos del Este*, N. 6, p. 11.
6. Comité Estatal de Estadística (CEE): *Anuario Estadístico de Cuba, 1989*.
7. Iglesias, M. (1994): “Reformas internas y relaciones económicas externas”, *Boletín Económico, Información Comercial Española*, N. 24.33, p. 3.004.
8. Lage, C. (1993): Entrevista ó xornal *Gramma*, (30/10/93), p. 8. A Habana.
9. Martínez Fagundo, C. (1989): “Presencia e influencia de los factores de desequilibrio en las finanzas internas de Cuba”, *Economía y Desarrollo*, N. 5, pp. 171-172.
10. Iglesias, M. (1994): “Reformas internas y relaciones económicas externas”, *Boletín Económico, Información Comercial Española*, N. 2.433, p. 3.005.
11. Proyecto de Ley del Presupuesto de 1995, *Gramma*, (21/12/94), p. 4
12. Comité Estatal de Estadística (CEE): *Anuario Estadístico de Cuba, 1989*.
13. Figueras, M. (1991): “La industrialización en Cuba”, *Ciencias Sociales*, p. 20.
14. Rodríguez, J.L. (1993): *Situación actual de la economía cubana*. Conferencia ofrecida o 17 de marzo de 1993. [Mimeo].

15. Comité Estatal de Estadística (CEE): *Anuario Estadístico de Cuba, 1989*.
16. Idem.
17. Idem.
18. Rodríguez, J.L. (1992): "Las relaciones económicas entre Cuba y la antigua URSS: Evaluación y perspectivas", *Cuadernos del Este*, N. 6, pp. 55-56.
19. Ve-lo "Decreto Ley 50/1992, sobre Asociaciones económicas con capital extranjero".
20. A finais de 1994 o montante total do investimento estranxeiro en Cuba calculábase nuns 1.500 millóns de dólares.
21. "Proyecto de Ley del Presupuesto de 1995", *Gramma*, (21/12/94), p. 4.
22. *Contacto*, N. 8, (xan., 1994), p. 2. Cámara de Comercio de Cuba.
23. Monreal, P.; Rua, M. (1993): "Apertura económica", *Foreign Trade*, (xul.-ago., 1993), p. 25.
24. Rodríguez, J.L. (1993): Intervención de José Luis Rodríguez, Ministro Presidente do Comité Estatal de Finanzas na Asamblea Nacional. A Habana, 29/12/93. [Mimeo].

